



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE Ó DÍA 5 DE MAIO DO 2016**

No salón de sesións da Casa Consistorial de A Mezquita, sendo as vinte horas do día cinco de maio do dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael PEREZ VAZQUEZ coa asistencia dos Sres. Concelleiros, D. Antonio BLANCO MARTINEZ e Dona María Teresa PEREIRA QUINTAS, actuando como Secretario-Interventor D. ANTONIO MOSQUERA RODRÍGUEZ, reuniuse a Xunta de Goberno Local deste Concello, ó obxecto de celebra-la sesión extraordinaria en primeira convocatoria, correspondente a esta data.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e procedese a debater os asuntos incluídos na Orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Por unanimidade dos asistentes foi aprobada a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o día 21 de Setembro do 2015.

2º.- URBANISMO.

2.1.- MODIFICACIÓN NORMALIZACIÓN DE FINCAS

Vista a solicitude co Rexistro de Entrada 249 de data 27/04/2016, presentada por D. JOSE MARÍA RODRÍGUEZ ALONSO con DNI 44.471.924 K e domicilio no pobo de O Pereiro para a Modificación de Normalización de fincas en Sobreosmuíños, O Pereiro.

Visto o Expediente de Modificación de fincas con Rexistro de Entrada nº758 de data 28/10/2015, redactado polo Arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo aprobado pola Xunta de Goberno Local na Sesión do 25/11/2015.

Visto o Expediente de Modificación de Normalización de fincas de Abril de 2016, redactado pola Arquitecta Técnica Dª Nuria Araujo Dos Ramos Colex. Nº 415 COATIE de Ourense.

Visto o informe, en sentido favorable, da Técnica de Urbanismo de data 2 de maio de 2016.

A Xunta de Goberno Local ACORDA pola unanimidade a aprobación de dito Expediente de Modificación de Normalización de fincas.

2.2 COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES PROMOTOR: FRANCISCO ALONSO GUERRA

Vista a comunicación previa de obras presentada no Rexistro de Entrada nº 02 de 04/01/2016, por D. FRANCISCO ALONSO GUERRA con DNI 34.700.794 G, mediante a cal pon de manifesto ante o Concello a súa intención de levar a cabo as obras de arranxo interior e exterior de dúas edificación sinaladas cos números 39-41 da antiga estrada a Madrid, en Vilavella, consistente no arranxo de fachadas, cuberta, substitución de carpintería exterior, e reforma integral en baño e cociñas. Todo elo segundo memoria adxunta de data 16/09/2015 e o seu presuposto adxunto de data 08/09/2015, sen modificar estrutura, volume aliñacións ou altura existente. Ademais cumprírase coas cautelas que se describen na Resolución do Servizo Provincial da AXI de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 01/12/2015, segundo consta na documentación aportada no expediente administrativo nº 22/2015,



RESULTANDO: Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na súa Disposición derradeira terceira, modifica, entoutros, o artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección de medio rural de Galicia, engadindo a éste o parágrafo 4, coa seguinte redacción: "*Quedan suxeitos ó réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente artigo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, no caso, os que así se establezan nas leis.*"

RESULTANDO: Que a citada Lei 9/2013, modifica tamén o parágrafo 2 do artigo 194 da tamén aludida Lei 9/2002 (LOUGA), e o mesmo exclúe agora o tipo de obra que se pretende executar da obligatoriedade de obter licenza municipal previa, xa que non se encadran os traballos previstos polo promotor nos actos de uso do solo e subsolo, catalogados no citado artigo 194.2 da LOUGA como suxeitos á licenza urbanística previa, segundo a nova redacción introducida por aplicación do previsto na Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

RESULTANDO: Que o promotor adxunta á súa comunicación previa a documentación a que fai referencia o artigo 194.5 da LOUGA, modificado pola Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro.

RESULTANDO: Que pola Alcaldía foi requerido informe técnico da Técnico Municipal, que o emite en data **04/01/2015** en sentido favorable **con condicionantes.-**

En base á Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Comunicación Previa referida, adxunta documentación completa: descripción suficiente das características do acto de que se trate, planos de situación e xustificante de pagamento dos tributos municipais...".-

CONSIDERANDO: Que é de aplicación o disposto na referida Lei 9/2013, mediante o réxime de intervención municipal de comunicación previa, dadas as características do proxecto, en consonancia coa Normativa urbanística en vigor.

CONSIDERANDO: Que á vista da documentación presentada, o expediente cumpre co establecido nas citadas Disposicións, a Xunta de Goberno Local **ACORDA** por Unanimidade dos membros:

1º.- Declarar completa a documentación que se xunta á comunicación previa de obras presentada nestas dependencias municipais por **D. FRANCISCO ALONSO GUERRA con DNI 34.700.794 G, para levar a cabo as obras de arranxo interior e exterior de dúas edificación sinaladas cos números 39-41 da antiga estrada a Madrid, en Vilavella, consistente no arranxo de fachadas, cuberta, substitución de carpintería exterior, e reforma integral en baño e cociñas. Todo elo segundo memoria adxunta de data 16/09/2015 e o seu presuposto adxunto de data 08/09/2015, sen modificar estrutura, volume aliñacións ou altura existente. Ademais cumprírase coas cautelas que se describen na Resolución do Servizo Provincial da AXI de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 01/12/2015, segundo consta na documentación aportada no expediente administrativo nº 22/2015, e cumprindo con tódolos requisitos esixidos, recoñéceselle que a mesma constitúe suficiente título habilitante para o inicio das obras que se pretenden, sen perxuízo das posteriores**



facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello. Entenderase salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e sen que se poida invocar para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que poideran incurrir os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2º.- O Promotor, observará as seguintes **cautelas**:

As descritas no informe da Técnico Municipal de data 04/01/2015 (que se adxunta)

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento no que se coñece, sen perxuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos.

A Resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ó momento previo ó recoñecemento ou ó exercicio do dereito ou ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de que ten a propiedade dos terreos ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ó proxecto presentado.

2.3 COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES PROMOTOR: ABEL FIRMINO PINHEIRO

Vista a comunicación previa de obras presentada no Rexistro de Entrada nº 838 de 03/12/2016, por D. ABEL FIRMINO PINHEIRO con DNI 34.974.658 F, mediante a cal pon de manifesto ante o Concello a súa intención de levar a cabo as obras de apertura de porta para garaxe en aluminio lacado marrón oscuro mate no alpendre existente na Rúa Alegría, s/n no pobo de Chaguazoso, segundo o presuposto de data 30/11/2015. Todo elo sen modificar estrutura, volume aliñacións ou altura existente, segundo consta na documentación aportada no expediente administrativo **nº 23/2015**,

RESULTANDO: Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, na súa Disposición derradeira terceira, modifica, entoutros, o artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección de medio rural de Galicia, engadindo a éste o parágrafo 4, coa seguinte redacción: "*Quedan suxeitos ó réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente artigo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, no caso, os que así se establezan nas leis.*"

RESULTANDO: Que a citada Lei 9/2013, modifica tamén o parágrafo 2 do artigo



194 da tamén aludida Lei 9/2002 (LOUGA), e o mesmo exclúe agora o tipo de obra que se pretende executar da obrigabilidade de obter licenza municipal previa, xa que non se encadran os traballos previstos polo promotor nos actos de uso do solo e subsolo, catalogados no citado artigo 194.2 da LOUGA como suxeitos á licenza urbanística previa, segundo a nova redacción introducida por aplicación do previsto na Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

RESULTANDO: Que o promotor adxunta á súa comunicación previa a documentación a que fai referencia o artigo 194.5 da LOUGA, modificado pola Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro.

RESULTANDO: Que pola Alcaldía foi requerido informe técnico da Técnico Municipal, que o emite en data **14/12/2015** en sentido favorable **con condicionantes.-**

En base á Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Comunicación Previa referida, adxunta documentación completa: descripción suficiente das características do acto de que se trate, planos de situación e xustificante de pagamento dos tributos municipais...".-

CONSIDERANDO: Que é de aplicación o disposto na referida Lei 9/2013, mediante o réxime de intervención municipal de comunicación previa, dadas as características do proxecto, en consonancia coa Normativa urbanística en vigor.

CONSIDERANDO: Que á vista da documentación presentada, o expediente cumpre co establecido nas citadas Disposicións, a Xunta de Goberno Local **ACORDA** por Unanimidade dos membros:

1º.- Declarar completa a documentación que se xunta á comunicación previa de obras presentada nestas dependencias municipais por **D. ABEL FIRMINO PINHEIRO con DNI 34.974.658 F, para levar a cabo as obras de apertura de porta para garaxe en aluminio lacado marrón oscuro mate no alpendre existente na Rúa Alegría, s/n no pobo de Chaguazoso, segundo o presuposto de data 30/11/2015. Todo elo sen modificar estrutura, volumen, aliñacións ou altura existente, segundo consta na documentación aportada no expediente administrativo nº 23/2015**, e cumprindo con tódolos requisitos esixidos, recoñéceselle que a mesma constitúe suficiente título habilitante para o inicio das obras que se pretenden, sen perxuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello. Entenderase salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e sen que se poida invocar para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que poideran incurrir os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2º.- O Promotor, observará as seguintes **cautelas:**

As descritas no informe da Técnico Municipal de data 14/12/2015 (que se adxunta)

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada



dende o momento no que se coñece, sen perxuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos.

A Resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ó momento previo ó recoñecemento ou ó exercicio do dereito ou ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de que ten a propiedade dos terreos ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ó proxecto presentado.

2.4 COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES PROMOTOR: FRANCISCO PRIMO FERNÁNDEZ e M^a TERESA PRIMO SANCHÍS

Vista a comunicación previa de obras presentada no Rexistro de Entrada nº 40 de 25/01/2016, por D. FRANCISCO PRIMO SANCHÍS con DNI 24.355.925 Y y D^a M^a TERESA PRIMO SANCHÍS con DNI 29.159.130 Y, mediante a cal pon de manifesto ante o Concello a súa intención de levar a cabo as obras de cambio de lousa por outra nova, todo elo conforme ás autorizacións sectoriais recibidas de: Servizo Provincial da AXI de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 01/12/2015 e do Servizo de Patrimonio Cultural de data de saída 23/10/2015, sen modificar estrutura, volume aliñacións ou altura existente, segundo consta na documentación aportada no expediente administrativo **nº 21/2015**,

RESULTANDO: Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, na súa Disposición derradeira terceira, modifica, entoutros, o artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección de medio rural de Galicia, engadindo a éste o parágrafo 4, coa seguinte redacción: "*Quedan suxeitos ó réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente artigo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licencia e, no caso, os que así se establezan nas leis.*"

RESULTANDO: Que a citada Lei 9/2013, modifica tamén o parágrafo 2 do artigo 194 da tamén aludida Lei 9/2002 (LOUGA), e o mesmo exclúe agora o tipo de obra que se pretende executar da obrigabilidade de obter licencia municipal previa, xa que non se encadran os traballos previstos polo promotor nos actos de uso do solo e subsolo, catalogados no citado artigo 194.2 da LOUGA como suxeitos á licencia urbanística previa, segundo a nova redacción introducida por aplicación do previsto na Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.

RESULTANDO: Que o promotor adxunta á súa comunicación previa a documentación a que fai referencia o artigo 194.5 da LOUGA, modificado pola Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013, do 19 de decembro.

RESULTANDO: Que pola Alcaldía foi requerido informe técnico da Técnico Municipal,



que o emite en data **28/09/2015** en sentido favorable **con condicionantes.-**

En base á Disposición derradeira terceira da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Comunicación Previa referida, adxunta documentación completa: descripción suficiente das características do acto de que se trate, planos de situación e xustificante de pagamento dos tributos municipais...”.-

CONSIDERANDO: Que é de aplicación o disposto na referida Lei 9/2013, mediante o réxime de intervención municipal de comunicación previa, dadas as características do proxecto, en consonancia coa Normativa urbanística en vigor.

CONSIDERANDO: Que á vista da documentación presentada, o expediente cumpre co establecido nas citadas Disposicións, a Xunta de Goberno Local **ACORDA** por Unanimidade dos membros:

1º.- Declarar completa a documentación que se xunta á comunicación previa de obras presentada nestas dependencias municipais por **D. FRANCISCO PRIMO SANCHÍS con DNI 24.355.925 Y y D^a M^a TERESA PRIMO SANCHÍS con DNI 29.159.130 Y**, mediante a cal pon de manifesto ante o Concello a súa intención de levar a cabo as obras de cambio de lousa por outra nova, todo elo conforme ás autorizacións sectoriais recibidas de: **Servizo Provincial da AXI de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 01/12/2015 e do Servizo de Patrimonio Cultural de data de saída 23/10/2015, sen modificar estrutura, volume aliñacións ou altura existente, segundo consta na documentación aportada no expediente administrativo nº 21/2015**, e cumprindo con tódolos requisitos esixidos, recoñéceselle que a mesma constitúe suficiente título habilitante para o inicio das obras que se pretenden, sen perxuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello. Entenderase salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e sen que se poida invocar para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que poideran incurrir os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2º.- O Promotor, observará as seguintes **cautelas**:

As descritas no informe da Técnico Municipal de data 28/09/2015 (que se adxunta)

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento no que se coñece, sen perxuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos.

A Resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ó momento previo ó recoñecemento ou ó exercicio do dereito ou ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.



A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de que ten a propiedade dos terreos ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ó proxecto presentado.

2.5- LICENCIA DE OBRAS VIVENDA UNIFAMILIAR: FRANCISCO ANTONIO AUGUSTO VÁZQUEZ

Vista a solicitude presentada por D^a TAMARA BALLESTEROS VIDUEIRA con DNI 76.731.500 G en data 24/11/2014 co rexistro de entrada 828 para a construción de vivenda unifamiliar a situar na R/ do Castro do pobo de A Mezquita, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo, colexiado nº 1042 e visado na data 20/03/2013, así como o anexo visado con data 19/04/2016.

Tendo en conta as cautelas descritas no informe da Técnico Municipal de data 2/05/2016.

Tendo en conta a Resolución da Axencia Galega de Infraestrutura de data 3/09/2013

Á vista da Comparecencia ante o Secretario-Interventor de D^a TAMARA BALLESTEROS VIDUEIRA con DNI 76.731.500 G e D. FRANCISCO ANTONIO AUGUSTO VÁZQUEZ con DNI 15.389.041 V en data 4/05/2016, para cambio de promotor da obra a favor de D. FRANCISCO ANTONIO AUGUSTO VÁZQUEZ.

A Xunta de Goberno Local, salvo o dereito de propiedade, sen perxuízo de terceiros, nos termos descritos na solicitude, co prazo de caducidade de tres anos para a terminación das obras, pago das taxas da ordenanza, requisito sen o que non se considera concedida a licenza, **ACORDA** por unanimidade conceder a seguinte autorización de obra, segundo o disposto no artigo 194 e seguintes da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas posteriores modificacións, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana:

Expte. 35/2014. Outorgar Licencia urbanística a D. FRANCISCO ANTONIO AUGUSTO VÁZQUEZ con DNI 15.389.041 V, para a construción de vivenda unifamiliar a situar na R/ do Castro do pobo de A Mezquita, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Gerardo Seoane Fidalgo, colexiado nº 1042 e visado na data 20/03/2013, así como o anexo visado con data 19/04/2016, sempre que se cumpran os seguintes condicionantes:

1.- Terase en conta a Resolución da Axencia Galega de Infraestrutura de data 3/09/2013, o acordo da Xunta de Goberno Local de data 5/05/2016 de cambio de promotor da obra, así como as cautelas descritas no informe da Técnico Municipal de data 2/05/2016.

2.- Ó remate das obras, presentará certificación final, solicitando a visita de comprobación, previa á licenza de primeira ocupación.

3.- Por parte do promotor adoptaranse tódalas medidas de seguridade pública establecidas nas vixentes Leis e Ordenanzas en vigor.

4.- Cando na proximidade das obras que se autorizan se atopan instalacións de fíos telefónicos, conducións de auga ou de calquera outro servizo público, o beneficiario quedará obrigado a dar conta para previr os prexuízos que poideran ocasionar, debendo sufragar os gastos que se ocasionen por este motivo e repoñer en perfecto estado os elementos urbanísticos que se viran afectados como consecuencia da obra autorizada.



4.- Toda variación posterior que se pretenda introducir, precisará da conformidade previa do Concello.

5.- O prazo de comenzo das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

-PRESUPUESTO: 252.982,82 €

2.6.- LICENCIA DE LEGALIZACIÓN DE PORCHE

Visto o expediente instruído a instancia de D^a Concepción González García para a realización das obras de legalización das obras de cuberta de porche sito no lugar da Rúa de San Martiño nº 49 A Mezquita.

Visto o Informe da Delegación Territorial de Ourense(Xefatura Territorial de Consellería de Cultura, Educación e O.U.)

Visto o Informe da Técnico Municipal de D^a Monstserrat Afonso Pérez.

Visto o Informe emitido pola Secretaría –Intervención municipal.

Esta Xunta de Goberno Local ACORDA pola unanidade dos membros asistentes, proceder a legalización das obras realizadas por D^a Concepción González García consistentes na realización de porche sito na parte frontal da vivenda antes referenciada, nos términos sinalados no informe técnico municipal e no do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

- Presuposto: 3.000 €

3.- PROPOSTAS DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Vista as publicacións no BOP nº 29 de data 5/02/2016 por parte da Deputación Provincial de Ourense das axudas:

-Programa de Empregabilidade.

-Programa Provincial para a Mocidade

O Sr. Alcalde propón que o Concello se acolla a ditas axudas, Tras debate e deliberación a Xunta de Goberno Local ACORDA por unanimidade que o Concello se acolla ás axudas propostas.

E sen ter máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente deu por rematada a Sesión, sendo as vinte horas trinta minutos, do que eu, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO INTERVENTOR,